

Conxuntura estatística do ámbito cultural. Outubro de 2022

DOI: 10.17075/ceaco.2022

Introdución

Esta conxuntura estatística forma parte dunha serie de informes elaborados polo Consello da Cultura Galega dende o primeiro semestre de 2020, co obxectivo de levar a cabo un seguimento detallado da situación do sector cultural galego. Na última conxuntura¹, publicada o pasado mes de

¹ http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2022_Conxuntura-estatistica-do-ambito-cultural-Maio-de-2022.pdf

maio, os datos sinalaban certa tendencia á recuperación, aínda que con evolucións diferenciadas entre os distintos ámbitos do sector cultural. O orzamento destinado a cultura e promoción da lingua da Administración autonómica experimentaba un incremento. O emprego cultural situábase en cifras similares ás de antes da pandemia, ao igual que as afiliacións á Seguridade Social, que experimentaban unha recuperación importante en 2021 e certa estabilidade nos primeiros meses de 2022.

O sector exterior, impulsado pola edición e as actividades de creación, artísticas e espectáculos, é outro dos ámbitos que evolucionaba positivamente, xunto coas actividades relacionadas co eido do audiovisual. Así mesmo, constatábase unha suba clara dos prezos a partir do segundo trimestre de 2021, pero obsérvase que este incremento tivo unha repercusión máis tardía na cultura. Os produtos relacionados co libro e a prensa son os que máis acusaban o encarecemento nos primeiros meses de 2022. O informe tamén abordaba cuestións como a confianza dos consumidores, que experimentaba unha evolución favorable.

No informe que se presenta a continuación analízanse os datos máis recentes do sector cultural galego, tras a súa actualización nas diferentes fontes estatísticas, como son os de emprego cultural, afiliacións á Seguridade Social, comercio exterior e intracomunitario, índice de prezos ao consumo (IPC), confianza dos consumidores, creación de empresas, gasto dos fogares galegos, cine e contas económicas trimestrais de Galicia.

Emprego cultural

Neste apartado ofrécese información relativa ao emprego cultural obtida de dúas fontes distintas. A primeira é unha explotación específica da Enquisa de Poboación Activa (EPA) para determinadas actividades económicas e ocupacións do ámbito cultural². A segunda procede dos datos de afiliacións á Seguridade Social nas principais actividades económicas da cultura.

Os datos da EPA refírense ao emprego rexistrado en empresas dedicadas a actividades culturais como edición, bibliotecas, arquivos, museos,

² En 2020, como consecuencia da declaración do estado de alarma motivado pola pandemia da COVID-19, o tamaño da mostra das primeiras entrevistas da EPA viuse afectado.

cine, vídeo, radio e televisión ou actividades artísticas e espectáculos, entre outras, pero tamén abranguen ocupacións cunha dimensión cultural independentemente da actividade desenvolva: escritores, artistas, arquivistas, bibliotecarios etc. Esta estatística oficial, pertencente ao Plan Estadístico Nacional, realízaa o Instituto Nacional de Estadística (INE) para o Ministerio de Cultura y Deporte.

Os datos recollidos corresponden ás medias móbiles³ dos datos anuais e fan referencia ao emprego cultural rexistrado en Galicia e no conxunto de España. Abranguen o período comprendido entre o primeiro trimestre de 2019 e o segundo trimestre de 2022.

Segundo esta fonte, hai un total de 35.400 persoas que traballan no ámbito cultural, 500 máis que no primeiro trimestre de 2022. Esta cifra supón un 3,2% do total do emprego en Galicia e representa un leve descenso interanual do 2,2% respecto ao mesmo trimestre do ano 2021, pero un incremento do 4,1% respecto do segundo trimestre de 2022. O número de persoas empregadas en actividades de ámbitos culturais no conxunto do Estado constitúe o 3,5% do total, 3 décimas porcentuais máis que na comunidade galega, como mostra a seguinte táboa.

Evolución do emprego cultural. Datos anuais (medias móbiles en miles)

	España		Galicia	
	Total em- prego cul- tural	% do total do emprego	Total em- prego cul- tural	% do total do emprego
1T- 4T de 2019	710,2	3,6	34,1	3,1
2T de 2019 – 1T de 2020	713,3	3,6	34,5	3,2
3T de 2019 – 2T de 2020	697,7	3,6	34,0	3,1
4T de 2019 – 3T de 2020	683,5	3,5	34,6	3,2
1T de 2020 – 4T de 2020	668,1	3,5	34,8	3,2
2T de 2020 – 1T de 2021	659,8	3,5	34,8	3,3
3T de 2020 – 2T de 2021	665,4	3,4	36,2	3,4
4T de 2020 – 3T de 2021	674,1	3,4	35,7	3,3
1T de 2021 – 4T de 2021	690,8	3,5	34,7	3,2
2T de 2021 – 1T de 2022	695,9	3,5	34,9	3,2
3T de 2021 – 2T de 2022	705,4	3,5	35,4	3,2

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Explotación de la Encuesta de Población Activa en el Ámbito Cultural. INE. Encuesta de Población Activa

³ Media dos datos do período que abrangue cada intervalo temporal.

En canto ás afiliacións á Seguridade Social, analízanse as rexistradas no último día do mes durante o período que abrangue dende agosto de 2021 ata agosto de 2022. Así, rexistráronse un total de 16.593 persoas afiliadas á Seguridade Social en ramas de actividades relacionadas coa cultura. A diferenza con respecto a agosto de 2021 supón un incremento de 1.376 afiliacións, é dicir, un aumento porcentual dun 9,04%. Se se compara a evolución na cifra de afiliacións á Seguridade Social antes mencionada coa cifra total de altas neste mesmo período en Galicia, pode comprobarse que a porcentaxe de incremento é moi inferior no total das afiliacións con respecto ás ramas de actividades culturais. Concretamente, no conxunto de ramas rexistráronse 12.054 novas afiliacións no mesmo período, o que supón un incremento dun 1,17%, é dicir, case oito puntos porcentuais menos. Se se analizan estes datos segundo as distintas actividades, obtéñense os que se mostran na seguinte táboa:

Afiliacións á Seguridade Social o último día do mes en actividades culturais⁴

	18	58	59	60	63	73	90	91	Total culturais
Agosto - 2021	2.963	2.163	1.437	1.336	1.027	3.280	2.515	496	15.217
Setembro - 2021	3.015	2.096	1.537	1.328	946	3.336	2.548	481	15.287
Outubro - 2021	3.033	2.105	1.609	1.322	950	3.409	2.591	456	15.475
Novembro - 2021	3.087	2.107	1.686	1.336	961	3.439	2.613	465	15.694
Decembro - 2021	3.018	2.102	1.460	1.338	969	3.345	2.646	447	15.325
Xaneiro - 2022	3.015	2.099	1.508	1.330	968	3.325	2.514	443	15.202
Febreiro - 2022	3.016	2.110	1.607	1.327	975	3.358	2.752	460	15.605
Marzo - 2022	3.021	2.084	1.743	1.323	979	3.362	2.609	471	15.592
Abril - 2022	3.019	2.101	1.774	1.340	1.014	3.456	2.912	480	16.096
Maio - 2022	3.027	2.087	1.779	1.338	1.030	3.467	2.836	517	16.081
Xuño - 2022	3.042	2.115	1.627	1.350	1.071	3.490	3.051	520	16.266
Xullo - 2022	3.055	2.195	1.691	1.369	1.117	3.439	3.391	543	16.800
Agosto - 2022	3.028	2.147	1.761	1.343	1.159	3.408	3.212	535	16.593
Diferenza total	65	-16	324	7	132	128	697	39	1.376
Diferenza en %	2,2	-0,7	22,5	0,5	12,8	3,9	27,7	7,9	9,0

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

⁴ As epígrafes correspondentes ás ramas CNAE 2019 de actividades culturais son as seguintes:

18. Artes gráficas e reprodución de soportes gravados.

58. Edición.

59. Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical.

60. Actividades de programación e emisión de radio e televisión.

63. Servizos de información.

73. Publicidade e estudos de mercado.

90. Actividades de creación, artísticas e espectáculos.

91. Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais.

Todas as ramas de actividades culturais rexistran un incremento de afiliacións, agás a de edición, que sofre un pequeno retroceso (-0,7%). A rama en que máis se incrementa a cifra de afiliacións á Seguridade Social é a de actividades de creación, artísticas e espectáculos, que experimenta unha suba do 27,7%, seguida da de actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical (+22,5%). O mes en que se rexistra o maior número de afiliacións é xullo de 2022, cun total de 16.800, que supoñen o 1,59% de todas as afiliacións á Seguridade Social nese mesmo mes. A rama que acumula maior número de afiliacións é a de publicidade e estudos de mercado, con 3.408 traballadores no último mes analizado, cifra que supón un 20,5% de todas as actividades culturais.

Na seguinte táboa especificanse os datos sobre as afiliacións á Seguridade Social nas ramas de actividade do ámbito cultural desagregados por provincias para o mesmo período. En agosto de 2022, a provincia da Coruña é a que acumula maior porcentaxe de persoas afiliadas á Seguridade Social nas actividades culturais, un 57% do total, seguida da de Pontevedra, cun 30,1% das afiliacións. A provincia con menor porcentaxe de afiliacións é a de Ourense, cun 5,7% do total. A evolución das afiliacións por provincias indica que se produciu un incremento de rexistros en todas elas. A maior porcentaxe de incremento deuse na provincia da Coruña, cun 10,6% máis de afiliacións entre agosto de 2021 e agosto de 2022, seguida de Pontevedra, cun incremento dun 7,3%.

Evolución do número de afiliacións á Seguridade Social en actividades culturais por provincias

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Agosto - 2021	8.549	1.111	907	4.650
Setembro - 2021	8.661	1.080	925	4.621
Outubro - 2021	8.810	1.070	926	4.669
Novembro - 2021	8.922	1.086	999	4.687
Decembro - 2021	8.612	1.077	989	4.647
Xaneiro - 2022	8.599	1.076	922	4.605
Febreiro - 2022	8.881	1.072	960	4.692
Marzo - 2022	8.937	1.098	935	4.622
Abril - 2022	9.243	1.132	933	4.788
Maio - 2022	9.223	1.120	929	4.809
Xuño - 2022	9.214	1.184	941	4.927
Xullo - 2022	9.431	1.226	960	5.183
Agosto - 2022	9.454	1.200	949	4.990

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Segundo o réxime de afiliación á Seguridade Social, o 66,8% das persoas contratadas en agosto de 2022 estaba inscrito no réxime xeral, un total de 11.082 persoas, fronte a 5.511 afiliadas no réxime de autónomos. No período interanual, as afiliacións ao réxime xeral incrementáronse nun 11,5%, mentres que as do réxime especial de autónomos aumentaron nun 4,3%. A actividade que acumulou maior número de afiliacións ao réxime de autónomos en agosto de 2022 foi a de actividades de creación, artísticas e espectáculos, cun total de 1.801 persoas afiliadas, cifra que supón un incremento interanual dun 4%. En canto ás afiliacións ao réxime xeral, a actividade que rexistrou maior cifra de persoas inscritas é a de artes gráficas e reprodución de soportes gravados, cun total de 2.098 persoas afiliadas. Se se compara o número de afiliacións totais á Seguridade Social de todas as ramas de actividade en agosto de 2022 nos dous réximes, o 79,1% dos traballadores estaba afiliado ao réxime xeral, mentres que o 20,9% o estaba ao de autónomos. No período interanual a cifra global de autónomos diminuíu un 1,1%, ao contrario que a das persoas afiliadas ao réxime xeral, que se incrementou nun 2%.

Evolución do número de afiliacións á Seguridade Social en actividades culturais por réximes de afiliación

	Réxime xeral	Réxime especial de autónomos
Agosto - 2021	9.935	5.282
Setembro - 2021	9.975	5.312
Outubro - 2021	10.128	5.347
Novembro - 2021	10.314	5.380
Decembro - 2021	9.969	5.356
Xaneiro - 2022	9.861	5.341
Febreiro - 2022	10.237	5.368
Marzo - 2022	10.205	5.387
Abril - 2022	10.665	5.431
Maio - 2022	10.606	5.475
Xuño - 2022	10.741	5.525
Xullo - 2022	11.266	5.534
Agosto - 2022	11.082	5.511

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Comercio exterior e intracomunitario de produtos culturais

Esta estatística procede dunha explotación elaborada polo IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT). Para a obtención dos datos utilízanse as

.....

clasificacións TARIC (Arancel Integrado das Comunidades Europeas), concretamente as seguintes epígrafes:

37. Produtos fotográficos ou cinematográficos.

49. Produtos editoriais, da prensa ou doutras industrias gráficas; textos manuscritos ou mecanografados e planos.

85. Máquinas, aparellos e material eléctrico e as súas partes; aparellos para a gravación ou reprodución de son, aparellos para a gravación ou reprodución de imaxes e son e televisión e as partes e accesorios destes aparellos.

92. Instrumentos de música; partes e accesorios destes instrumentos.

97. Obxectos de arte, de colección ou de antigüidade.

Entre o mes de agosto de 2021 e o mes de xullo de 2022 Galicia importou máis de 910,7 millóns de euros en produtos culturais, 400 millóns máis que os exportados.

A tendencia das importacións no período analizado foi irregular, cun forte aumento no mes de maio de 2022 (por riba dos 106 millóns de euros, a maior suma de todo o período) e baixadas acentuadas, como en marzo de 2022 (41 millóns de euros). En cambio, as exportacións mostran unha maior estabilidade, aínda que se experimentan subas importantes nos meses de maio e xuño de 2022 (case 52 e 60 millóns de euros respectivamente). No último mes de estudo descenden ata acadar un total de case 42 millóns de euros. No último mes de referencia, as importacións aumentaron en case 15 millóns de euros e as exportacións en algo máis de 5 millóns con respecto ao mesmo mes de 2021.

Ademais, ao comparar os datos co mesmo período de 2021, conséntase un aumento das exportacións de case 43 millóns de euros e un descenso das importación de 29 millóns de euros, tal e como mostra a seguinte táboa.


Comparativa da evolución anual das importacións e exportacións de produtos culturais en Galicia (miles de euros)

	Exportacións	Importacións		Exportacións	Importacións
Ago - 2020	24.089,0	50.808,9	Ago - 2021	37.533,6	42.672,2
Set - 2020	50.295,7	80.433,7	Set - 2021	42.302,2	81.696,4
Out - 2020	49.453,7	76.721,7	Out - 2021	34.380,3	92.593,3
Nov - 2020	33.549,3	103.852,1	Nov - 2021	46.094,8	75.230,0
Dec - 2020	28.627,1	123.721,7	Dec - 2021	40.411,4	73.605,5
Xan - 2021	28.283,8	79.150,0	Xan - 2022	31.879,8	78.516,7
Feb - 2021	26.880,5	76.805,2	Feb - 2022	40.050,5	79.387,8
Mar - 2021	53.588,1	92.550,1	Mar - 2022	49.351,2	41.036,1
Abr - 2021	50.043,0	68.113,8	Abr - 2022	35.565,2	72.948,1
Mai - 2021	45.633,0	62.887,7	Mai - 2022	51.943,4	106.671,0
Xuñ - 2021	40.799,4	63.091,5	Xuñ - 2022	59.264,8	89.760,8
Xul - 2021	36.512,8	61.766,3	Xul - 2022	41.917,5	76.657,6
Total	467.755,4	939.902,7	Total	510.694,7	910.775,5

Fonte: Elaboración do IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Axencia Estatal de Administración Tributaria

Índice de prezos ao consumo

A variación anual do índice de prezos ao consumo (IPC) de produtos relacionados co ocio e a cultura en Galicia sitúase no mes de agosto de 2002 7,3 puntos por debaixo da correspondente ao índice de prezos xeral (3,7 fronte a 11), un comportamento similar ao que se dá no conxunto estatal, que mostra unha variación no IPC dos produtos culturais de 4,1 puntos porcentuais con respecto aos 10,5 dos produtos totais. O aumento dos prezos dos produtos culturais e de ocio é visiblemente inferior ao do conxunto de bens e servizos que consome a poboación, como mostra a seguinte gráfica.



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

A análise por subgrupos, tendo en conta o último dato publicado, indica que os prezos de produtos culturais como prensa, libros e artigos de papelaría son os que experimentaron a maior suba, un 4% en Galicia e un 4,3% no total de España, seguido dos servizos recreativos, deportivos e culturais, cun 0,6% e 1,5% respectivamente. Pola contra, o subgrupo que abrangue os equipos audiovisuais, fotográficos e de procesamento de información presenta unha significativa baixada dun -2% na comunidade galega, e no conxunto estatal cae ata un -4%.

Porcentaxe de variación anual do IPC por subgrupos

	España	Galicia
Equipos audiovisuais, fotográficos e de procesamento de información	-4,0	-2,0
Servizos recreativos, deportivos e culturais	1,5	0,6
Prensa, libros e artigos de papelaría	4,3	4,0

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

A continuación analízase a evolución dos prezos industriais do papel, estreitamente relacionado coa elaboración de certos produtos culturais. Como se mostra na seguinte táboa, os prezos subiron en Galicia moi por riba do conxunto estatal, cun aumento progresivo durante o período de estudo, tamén superior ao do total do Estado. Con todo, o último dato publicado en agosto de 2022 é dunha suba do 25,6% en España e do 30% na comunidade galega, o que apunta, no caso de Galicia, a unha certa moderación, lonxe do elevado incremento experimentado no mes de febreiro, que chegou a superar o 53%.



Evolución da variación anual de prezos da industria do papel

	España	Galicia
Xullo - 2021	8,7	26,8
Agosto - 2021	9,8	33,8
Setembro - 2021	11,2	36,1
Outubro - 2021	14,0	43,2
Novembro - 2021	16,1	42,7
Decembro - 2021	16,5	44,1
Xaneiro - 2022	18,7	47,7
Febreiro - 2022	19,3	53,6
Marzo - 2022	21,4	36,4
Abril - 2022	23,9	37,9
Maio - 2022	25,0	32,6
Xuño - 2022	26,0	32,1
Xullo - 2022	25,6	28,9
Agosto - 2022	25,6	30,0


Fonte: INE. Índice de prezos industriais

Confianza dos consumidores

No terceiro trimestre de 2022, a porcentaxe de fogares galegos que pensan realizar nos vindeiros tres meses certas actividades de ocio, como saír cear ou a cafetarías, e tamén culturais, como ir ao cine e ao teatro, sitúase nun 62,3%, 12,2 puntos máis en comparación co mesmo trimestre do ano anterior e 26,2 con respecto ao mesmo período de 2020.

Os primeiros indicios de recuperación da confianza por parte das familias advértense no terceiro trimestre de 2021, período en que máis da metade dos fogares percibía de novo a posibilidade de levar a cabo este tipo de actividades, confianza que foi en aumento no último trimestre do período estudado.

Fogares que teñen pensado saír cear ou a cafetarías e ir ao cine e ao teatro ou que o fixeron




Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares

Creación de empresas

Segundo a explotación do *Boletín Oficial del Registro Mercantil*, durante o período que abrangue dende outubro de 2021 a setembro de 2022, creáronse en Galicia 107 empresas culturais. Un 30,8% destas correspóndese coas que realizan actividades de publicidade e estudos de mercado; un 24,3%, coas relacionadas con actividades de creación, artísticas e espectáculos, e, finalmente, un 20,6%, coas cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical.


Número de empresas culturais creadas nos últimos 12 meses por tipo de actividade segundo a CNAE 2009



Fonte: IGE. Explotación do *Boletín Oficial del Registro Mercantil* (BORME)

Un 54,2% do total de empresas culturais creadas en Galicia durante a serie temporal analizada sitúase na provincia da Coruña (58), seguida por Pontevedra, cun 31,8% (34). Ourense e Lugo, coa creación de 11 e 4 empresas respectivamente, entre ambas as dúas acadan o 14% do total.

Porcentaxe de empresas culturais creadas por provincias



Fonte: IGE. Explotación do *Boletín Oficial del Registro Mercantil* (BORME)

Na seguinte táboa móstrase a evolución interanual do número de empresas culturais creadas en Galicia. Entre o mes de outubro de 2021 e setembro de 2022 constituíronse 3 empresas máis que no mesmo período do ano anterior.

Comparativa da evolución anual do número de empresas culturais

	2020/2021	2021/2022
Outubro	4	8
Novembro	9	6
Decembro	8	5
Xaneiro	9	9
Febreiro	10	12
Marzo	10	13
Abril	8	8
Maio	12	8
Xuño	5	18
Xullo	14	9
Agosto	6	4
Setembro	9	7
Total	104	107

Fonte: IGE. Explotación do *Boletín Oficial del Registro Mercantil* (BORME)

En canto á evolución por meses da creación de empresas culturais no período estudado, obsérvase que o mes de xuño de 2022 foi o que rexistrou a cifra máis alta, coa creación de 18 empresas.

Cine

O pasado ano 2021 proxectáronse en Galicia 511 películas, 66 máis que no ano anterior. Con todo, aínda non se acadaron as cifras do inicio do quinquenio estudado, no que se exhibiron máis de 600 filmes. O conxunto estatal, con 2.121 películas proxectadas, acadou o dato máis elevado deste período.

Evolución do número de películas exhibidas

	2017	2018	2019	2020	2021
España	1.806	1.947	1.835	1.686	2.121
Galicia	607	582	582	445	511

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

A pegada da crise sanitaria queda patente na caída do número de espectadores experimentada entre os anos 2019 e 2020, cunha perda de 3 millóns de espectadores na comunidade galega, de 4,2 a 1,2 millóns. En 2021 esta cifra aumentou en 600.000 persoas ata chegar a 1,8 millóns. Hai que salientar que este aumento corresponde na súa totalidade aos espectadores de longametraxes estranxeiras, que pasaron de 900.000 a 1,5 millóns.

Evolución dos espectadores de cine. Comparativa España-Galicia Valores absolutos (millóns de espectadores)

	2017	2018	2019	2020	2021
España	99,8	98,9	104,9	27,0	41,7
Galicia	4,0	3,9	4,2	1,2	1,8

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

En 2021 o cine recadou en Galicia 10,3 millóns de euros, 3,6 millóns máis que no ano anterior, pero sen chegar aos máis de 24 millóns de 2019. O mesmo sucede no conxunto estatal, que, cunha recadación de máis de 251 millóns de euros, superou en case 91 millóns a de 2020. Con todo, e como se mostra na seguinte táboa, as cifras están moi afastadas do recadado en 2019 (case 615 millóns de euros).



**Evolución da recadación de cine
(Valores absolutos, millóns de euros)**

	2017	2018	2019	2020	2021
España	591,3	585,7	614,7	161,0	251,9
Galicia	23,8	22,9	24,1	6,7	10,3

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

Gasto dos fogares galegos nalgúns produtos e servizos culturais

Para a elaboración deste apartado analizáronse seis tipos de produtos e servizos culturais: equipos para a recepción, rexistro e reprodución de son e imaxe; equipos de procesamento da información; soportes de imaxe, son e datos; servizos culturais; libros, e prensa.

Como se pode observar na seguinte táboa de evolución, o gasto dos fogares galegos en equipos de procesamento da información foi o que experimentou o maior incremento ao longo da serie temporal, dun 47,7 %, seguido do de libros, dun 43,8%, a pesar de que no último ano de estudo se percibe unha baixada neste produto con respecto ao ano anterior de máis de 11 millóns de euros. Porén, o gasto en servizos culturais⁵ contraeuse un 39,7%. Neste caso hai que resaltar a importante suba no ano 2019, cun total que superaba os 103,6 millóns de euros. Todo apunta a que o forte descenso en 2020 (-45,5%) está relacionado coa crise sanitaria e o confinamento. Aínda así, en 2021 continuou á baixa, cun gasto inferior aos 50 millóns de euros.

⁵ Segundo a clasificación europea de consumo (ECOICOP), os servizos culturais inclúen actividades como: asistencia a cines, teatros e espectáculos (óperas, concertos, ballets etc.); visitas a museos (exposicións, galerías de arte e monumentos), bibliotecas e parques (zoolóxicos, xardíns botánicos, reservas naturais etc.); cotas por licenzas e subscricións a redes de televisión e radio; alugamento de equipos e accesorios culturais (ordenadores etc.); servizos fotográficos, e outros servizos culturais, como alugamento de instrumentos musicais ou servizos de actores e músicos, entre outros.



**Evolución do gasto dos fogares galegos nalgúns produtos e servizos culturais
(miles de euros)**

	2017	2018	2019	2020	2021
Equipos para a recepción, rexistro e reprodución de son e imaxe	66.509,26	50.758,94	39.984,93	50.924,59	61.445,00
Equipos de procesamento da información	79.295,70	73.694,41	62.610,22	99.146,13	117.104,78
Soportes de imaxe, son e datos	- ⁶	18.283,32	14.316,98	22.236,86	29.252,53
Servizos culturais	82.777,14	80.512,83	103.602,17	56.507,14	49.886,90
Libros	84.614,60	97.807,03	96.959,42	132.888,72	121.685,37
Prensa	46.543,46	42.935,72	40.012,47	47.362,52	45.218,07

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE)

Dos seis indicadores estudados, tres reflicten unha redución do gasto: trátase dos servizos culturais, cunha significativa baixada dun 11,7%, seguidos dos libros e a prensa, cun descenso dun 8,4% e un 4,5% respectivamente. Pola contra, o gasto en soportes de imaxe, son e datos é o que experimenta unha maior suba (31,5%), seguido do de equipos para a recepción, rexistro e reprodución de son e imaxe (20,7%) e do de equipos de procesamento da información (18,1%).

Comparativa do gasto dos fogares galegos nalgúns produtos e servizos culturais respecto ao gasto total (2020-2021)

	2020	2021	Porcentaxe
Equipos para a recepción, rexistro e reprodución de son e imaxe	50.924,59	61.445,00	20,7
Equipos de procesamento da información	99.146,13	117.104,78	18,1
Soportes de imaxe, son e datos	22.236,86	29.252,53	31,5
Servizos culturais	56.507,14	49.886,90	-11,7
Libros	132.888,72	121.685,37	-8,4
Prensa	47.362,52	45.218,07	-4,5
Gasto total nalgúns produtos e servizos culturais	361.703,44	424.592,65	17,4
Gasto total dos fogares galegos	27.548.112,14	31.516.456,14	14,4

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE)

A continuación, analízase a evolución da porcentaxe de gasto dos fogares nalgúns produtos e servizos culturais en relación co gasto total realizado no último quinquenio. Como se observa, en 2020 esta porcentaxe é a máis elevada da serie temporal (1,48%) e experimenta unha leve baixada no último ano (1,35%).

⁶ Por falta de representatividade non poden facilitarse estimacións.

Evolución da comparativa do gasto total dos fogares galegos e o gasto nalgúns produtos e servizos culturais (2017-2021)

	2017	2018	2019	2020	2021
Gasto total dos fogares	29.380.900,44	29.770.816,51	29.408.896,71	27.548.112,14	31.516.456,14
Gasto total nalgúns produtos e servizos culturais	359.740,16	363.992,25	357.486,19	409.065,96	424.592,65
Porcentaxe do gasto cultural sobre o gasto total	1,22	1,22	1,22	1,48	1,35

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE)

Contabilidade trimestral

As contas económicas trimestrais de Galicia constitúen unha estatística de síntese de carácter conxuntural que ten como obxectivo proporcionar unha descrición cuantitativa do conxunto da actividade económica galega mediante a elaboración dun cadro macroeconómico que ofrece o ritmo de crecemento do produto interior bruto (PIB) galego e das súas compoñentes.

De acordo cos datos que se proporcionan na seguinte táboa, no segundo trimestre de 2022 o conxunto das actividades tiveron un crecemento do 1,1%.

Estrutura do PIB a prezos de mercado, pola vía da oferta. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario (base 2015)

	2021/III	2021/IV	2022/I	2022/II
Taxa de variación trimestre anterior				
PIBpm	1,6	0,9	0,7	1,1
Oferta (VEB)				
VEB. Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	0,0	-0,1	-0,5	-0,2
VEB. Industria	2,7	-0,8	-2,1	1,5
VEB. Industria manufactureira	3,0	1,5	0,1	0,0
VEB. Construción	1,0	-1,1	0,2	0,0
VEB. Servizos	1,9	1,8	1,4	1,2
VEB. Comercio, transporte e hostalaría	5,0	5,7	3,8	3,9
VEB. Información e comunicacións	5,4	4,8	2,7	0,2
VEB. Actividades financeiras e de seguros	-1,6	-1,3	-1,3	2,2
VEB. Actividades inmobiliarias	0,2	0,2	0,2	0,2
VEB. Actividades profesionais	-0,6	-1,3	0,6	-2,0
VEB. Administración pública, sanidade e educación	0,3	-0,6	0,4	0,1
VEB. Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	1,9	-0,8	-1,7	-2,5
Taxa de variación interanual				
PIBpm	3,5	5,1	5,1	4,4
Oferta (VEB)				

VEB. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	0,1	2,7	1,3	-0,7
VEB. Industria	0,8	-0,3	-4,3	1,2
VEB. Industria manufactureira	-0,3	1,8	1,4	4,7
VEB. Construción	-4,9	-4,3	-1,7	0,0
VEB. Servizos	4,9	7,8	8,6	6,5
VEB. Comercio, transporte e hostalaría	11,9	22,8	24,5	19,7
VEB. Información e comunicacións	0,4	6,7	11,9	13,6
VEB. Actividades financeiras e de seguros	5,0	1,1	-2,1	-2,1
VEB. Actividades inmobiliarias	0,5	0,8	0,8	0,8
VEB. Actividades profesionais	-1,0	-1,3	2,5	-3,2
VEB. Administración pública, sanidade e educación	4,4	1,8	1,8	0,2
VEB. Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	2,2	4,1	2,4	-3,0

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

Dentro da desagregación que permite esta operación estatística, pódese comprobar que, entre o conxunto de actividades, as artísticas e recreativas (que inclúen actividades de creación e espectáculos) sofren a caída máis importante (-2,5 puntos) e encadean tres trimestres negativos, cunha taxa interanual do -3%.

O grupo de actividades de información e comunicacións, que abrangue a edición, as actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión e as actividades informáticas e de telecomunicacións, crece de forma moderada no terceiro trimestre (0,2 puntos) e encadea catro trimestres cun crecemento importante, o que o sitúa cunha taxa de variación interanual do 13,6.

Conclusións

Hai 35.400 persoas traballando no ámbito cultural en Galicia no segundo trimestre de 2022 segundo a EPA, cun leve incremento con respecto ao trimestre anterior, pero cun descenso interanual respecto do mesmo trimestre de 2021. Segundo esta estatística, o emprego cultural atópase por riba das cifras previas á pandemia. Os datos da Seguridade Social tamén apuntan un incremento importante, con 1.376 novas afiliacións entre agosto de 2021 e o mesmo mes de 2022, un incremento proporcionalmente moi superior ao conxunto de afiliacións (9% fronte a 1,2%). O crecemento prodúcese en todas as actividades, salvo na edición, e é especialmente destacable nas actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televi-

.....

sión, gravación de son e edición musical e nas de creación, artísticas e espectáculos. A provincia onde máis creceron as afiliacións foi A Coruña e, por réximes, hai proporcionalmente máis altas no réxime xeral que no de autónomos. Globalmente, o mercado laboral da cultura comportouse de maneira positiva.

Os datos do sector exterior tamén amosan unha evolución favorable, cun incremento das exportacións de produtos culturais nos últimos 12 meses con respecto aos 12 anteriores.

Os prezos dos produtos e servizos culturais analizados crecen en conxunto sensiblemente menos que o conxunto da cesta da compra. O incremento interanual do custo dos produtos do ocio e da cultura foi do 3,7% en agosto, fronte ao 11% do índice xeral. Os produtos culturais que máis incrementaron o seu prezo no último ano foron a prensa, os libros e a papelería, cun 4%, probablemente influídos pola importante suba dos prezos industriais do papel, cun incremento interanual do 30% no último mes analizado.

A confianza dos consumidores continúa crescendo, cun 62,3% de fogares galegos que pensa saír cear ou a cafetarías e ir ao cine e ao teatro nos vindeiros tres meses, a cifra máis alta dende o terceiro trimestre de 2020.

A creación de empresas culturais tamén amosa boa saúde, con 107 empresas máis entre outubro de 2021 e setembro de 2022, tres máis que no mesmo período entre 2020 e 2021. Os maiores incrementos producíronse entre as empresas de publicidade e estudos de mercado e entre as actividades de creación, artísticas e espectáculos.

Os datos de cine de 2021 presentan un incremento de 600.000 espectadores e 3,6 millóns de euros de recadación con respecto a 2020, pero están lonxe dos datos de 2019.

Globalmente, o gasto das familias en cultura incrementouse en 2021 con respecto ao ano anterior, sobre todo polo gasto en equipos para a recepción, rexistro e reprodución de son e imaxe, en quipos de procesamento da información e en soportes de imaxe, son e datos. O gasto en libros e prensa descendeu con respecto a 2020, pero atópase en niveis superiores a 2019. Os servizos culturais (que inclúen os espectáculos e o acceso a equipamentos culturais e outros servizos) continúan descendendo e atópanse por debaixo da metade do gasto de 2019.



En contraste cos indicadores máis positivos, a contabilidade trimestral apunta a un descenso das actividades artísticas e recreativas (que inclúen actividades de creación e espectáculos, entre outras), con tres trimestres de variación negativa consecutivos, o que sitúa a súa taxa interanual nun -3% . Estes resultados contrastan co crecemento xeral da economía e, particularmente, dos servizos, polo que poderían indicar un escenario de incerteza para este tipo de actividades da cultura. As actividades de información e comunicacións (que inclúen a edición, as actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, entre outras) moderan o seu comportamento despois tres trimestres de crecemento importante, cunha taxa de variación interanual do $13,6\%$.